No seo da UVigo a Comisión de Calidade da Eido (Escola Internacional de Doutoramento), na súa reunión ordinaria de 21/5/2021, aprobou unha Ficha Técnica de Actividade (Anexo 1) para a medición da satisfacción/inserción laboral dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo. Segundo dita Ficha Técnica, "o Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización, en colaboración coa dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)". Xunto coa referida Ficha Técnica de Actividade, nesa reunión tamén era aprobada a versión definitiva do Cuestionario que debería ser aplicado (Anexo 2).

O 25/6/2021 e 29/10/2021 prodúcense reunións entre os responsables da Área de Calidade, Servizo de Posgrao, dirección da Eido e Observatorio de Persoas Tituladas para implantar a enquisa de inserción laboral nas persoas recén tituladas, estando condicionada a súa viabilidade á aprobación polos órganos do Consello Social.

2. Colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A partir da entrada en vigor do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) a 25/5/2018 é preciso un consentimento explícito previo dos antigos estudantes para poder enviarlles enquisas sobre inserción laboral. Con ese fin, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade[3] implementou un Documento de Consentimento Explícito destinado aos recén titulados en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento para que, no momento de solicitar o título académico, cedesen os seus datos de contacto tanto de forma presencial como telemática, transferindo esta Vicerreitoría, como desde o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ao Observatorio

[3] Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria entre 2018-2022.

o listado dos antigos estudantes en estudos de doutoramento da promoción 2021/2022 que deran o seu consentimento a formar parte da nosa Base de Datos.

A disposición de información actualizada sobre a inserción laboral das persoas graduadas da UVigo en estudos de doutoramento do curso 2021/2022 permitirá que a institución poda cumprir a exixencia da ACSUG relativa a que as universidades realicen o seguimento da inserción laboral/empregabilidade e da satisfacción dos titulados nos programas de estudos de doutoramento, ben como participar con datos actualizados sobre a empregabilidade das persoas tituladas en estudos de doutoramento nas diferentes clasificacións universitarias nacionais e internacionais (nomeadamente o ranking ARWU-Shanghay), quer a nivel global, quer por tipoloxía de estudos, quer por programas de doutoramento.

Obxectivos

A seguir son definidos o obxectivo principal e específicos deste estudo elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a inserción laboral e da satisfacción cos programas de doutoramento das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2021/2022.

1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de información actualizada, fiábel e útil sobre a empregabilidade e satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo de cara a mellorar a calidade destes e así contribuír á mellora da formación do estudantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

2. Obxectivos específicos

Este estudo de inserción laboral e de satisfacción dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo procura obter información sobre os seguintes aspectos:

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil socio-demográfico e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
  - Sexo
  - Procedencia
  - Idade
  - Lugar de residencia
  - Ramas de coñecemento
  - Programas de doutoramento
  - Estudos de acceso ao doutoramento
  - Características dos estudos de doutoramento

- Experiencia laboral anterior á realización dos estudos de doutoramento.

- Financiamento durante os estudos de doutoramento.

- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
  - Lugar do traballo: Galicia, outra comunidade autónoma e resto do mundo
  - Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
  - Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio[4], construción, consultoría, cultura e entretemento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia non universitaria, ensino superior, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira, medios de comunicación/audiovisuais, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario[5], servizos a empresas, servizos da Administración Pública, servizos de investigación[6], servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/HORECA e xestión ambiental
  - Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidade, compras, dirección xeral, enxeñaría e construción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, produción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
  - Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
  - Tamaño da empresa/entidade: empresa individual[7], microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
  - Ingresos: Nivel salarial e/ou de ingresos referidos polos inquiridos (sen contrastar cos correspondentes contratos)

- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo:
  - Adecuación das funcións ao traballo (sobrecualificación e infracualificación)

[4] Inclúe comercio grosista e retallista.
[5] Agricultura, gandaría, caza e pesca.
[6] Actividades científicas/investigación en centros, laboratorios e institutos non universitarios.
[7] Autoemprego ou traballador/a autónomo/a sen empregados.

  - Grao de satisfacción global co seu emprego

- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo no curso 2021/2022:
  - Satisfacción global co programa de doutoramento realizado, coa dirección e titorización dos estudos de doutoramento, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
  - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira investigadora, a súa contribución a facilitar a inserción laboral e a mellorar do nivel socio-laboral e a relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento realizado.

- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas graduadas en estudos de doutoramento, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo, a situación socio-laboral actual e a satisfacción con aspectos globais e ligados á empregabilidade e inserción laboral fornecida polo programa de doutoramento realizado.

Metodoloxía

Esta parte detalla os pasos implementados para a elaboración deste informe sobre a inserción laboral e da satisfacción cos programas de doutoramento das persoas tituladas da UVigo no curso académico 2021/2022 relativamente ao proceso metodolóxico, estrutura do cuestionario aplicado, definición da poboación e mostra, ben como a ficha técnica.

1. Proceso metodolóxico

1.1 Elaboración do cuestionario

O deseño do cuestionario aplicado neste estudo é resultado da colaboración do Observatorio de Persoas Tituladas coa Área de Calidade da UVigo.

A referencia bibliográfica alicérzase, con adaptacións, nos cuestionarios creados e aplicados polo Observatorio de Persoas Tituladas ás persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado. Alén diso, tamén foron levadas en conta enquisas semellantes aplicadas á poboación doutorada por outras institucións, nomeadamente a AQU[8] (Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya). Relativamente aos indicadores específicos para a medición da satisfacción global cos programas de doutoramento, a empregabilidade e inserción laboral foi aplicado na súa integridade o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade de Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo. Todos os ítens do cuestionario aplicado pódense consultar no Anexo 3.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 A1 para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os titulados/as da UVigo en estudos de doutoramento no curso 2021/2022 que deran o seu consentimento para formar parte da Base de Datos do Observatorio[9]. O formulario foi inserido na Web institucional do Observatorio o 2 de setembro de 2024[10].

1.2 Definición da poboación

Durante o curso académico 2021/2022 a UVigo emitiu un total de 155 títulos de doutoramento segundo a distribución por titulacións e centros que mostra o Cadro nº 1.

O Cadro nº 1 mostra, para cada titulación, centro e campus os programas de doutoramento emitidos no curso académico 2021/2022.

Cadro nº 1. Títulos de doutoramento emitidos da UVigo no curso 2021/2022

Programa	Centro	Títulos emitidos
Ourense		
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	Facultade de Dereito	2
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	Facultade de Ciencias	11

[8] Cuestionario 2020 aplicado á poboación doutorada do SUC: https://www.aqu.cat/doc/doc_72485948_1.pdf [Consult. 1/11/2022]

[9] Para a captación/alargamento dos consentimentos explícitos recibidos o Observatorio contou coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade coa difusión dunha comunicación á poboación graduada en estudos de doutoramento a 30/7/2024.

[10] https://forms.office.com/pages/responsepage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHqh4TZNg1KZBrGRsMnAEDV5UQlIHWTNLOVFTVUNFNTFPTkxINkdFTThRMy4u&route=shorturl

Ciencias da Educación e do Comportamento	Facultade de Educación e Traballo Social	6
Ecosistemas Terrestres; Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	Facultade de Ciencias	4
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis	Escola de Enxeñaría Informática	6
	Pontevedra	
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	4
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	Facultade de Belas Artes	12
Creatividade e Innovación Social e Sostible	Escola de Enxeñaría Forestal	2
Educación, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	7
Equidade e Innovación en Educación	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	3
	Vigo	
Análise Económica e Estratexia Empresarial	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	7
Biotecnoloxía Avanzada	Facultade de Bioloxía	4
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Facultade de Química	4
Ciencia e Tecnoloxía Química	Facultade de Química	2
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	Facultade de Ciencias do Mar	15
Comunicación	Facultade de Filoloxía e Tradución	3
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	Escola de Enxeñaría Industrial	3
Enxeñaría Química	Escola de Enxeñaría Industrial	4
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	Facultade de Filoloxía e Tradución	3
Estudos Lingüísticos	Facultade de Filoloxía e Tradución	3
Estudos Literarios	Facultade de Filoloxía e Tradución	5
Física Aplicada	Facultade de Ciencias do Mar	2
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Escola de Enxeñaría Industrial	3
Láser, Fotónica e Visión	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	2
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Facultade de Bioloxía	8
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2
Nanomedicina	Facultade de Bioloxía	2
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	Facultade de Bioloxía	2
Ordenación Xurídica do Mercado	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	5
Protección do Patrimonio Cultural	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	2
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	Enxeñaría de Telecomunicación	9
Tradución e Paratradución	Facultade de Filoloxía e Tradución	2
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	2
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	4

1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos enderezos de correo electrónico das persoas graduadas en estudos de doutoramento no curso académico 2021/2022 rexistradas na Base de Datos do Observatorio fornecidos grazas á colaboración da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da UVigo e do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación asinado polo director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simples e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao persoal técnico de apoio do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou unha entrada específica[11], e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn[12] e o Canal de Youtube, onde foi subido un vídeo-guía[13] para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado e facilitar a participación na enquisa.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da participación no estudo. Así sendo, para alén do envío inicial[14], fixéronse dúas reiteracións[15] , excluíndo de cada unha delas as persoas que responderan a enquisa. De xeito excepcional foi preciso realizar unha terceira reiteración[16], realizada a partir da conta corporativa da dirección do Observatorio, a fin de mellorar a taxa de resposta dos programas de doutoramento en que se valorou que non estaban garantidos uns mínimos de representatividade.

Adicionalmente, en función da taxa de participación existente, a partir da conta de correo electrónico institucional do Observatorio foron realizados requirimentos ao profesorado responsábel da coordinación dos programas de doutoramento a fin de solicitar a súa colaboración na difusión da enquisa entre as persoas tituladas dos estudos respectantes (ver Anexo 4). Alén diso, nalgúns casos de programas de doutoramento con fraca taxa de resposta, tamén se contactou cos directores/as de tese de doutoramento para que solicitasen a participación dos seus antigos estudantes de terceiro ciclo[17].

[11] https://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-e-de-satisfaccion-de-doutoramento-2021-2022/
[12] https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo
[13] https://www.youtube.com/watch?v=xufgkP9LpwQ
[14] 3/9/2024
[15] 10/9/2024 (primeira reiteración) e 25/9/2024 (segunda reiteración).
[16] 2/10/2024 (terceira reiteración).
[17] Nomeadamente en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento; Comunicación, Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura, Enxeñaría Química, Estudos Lingüísticos e en Neurociencia e Psicoloxía Clínica.

1.4 Recolla e procesamento de dados

As respostas recollidas instantaneamente foron incorporadas a unha base de datos, sendo revisadas[18] e codificadas para seren traducidas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir o anonimato dos participantes no formulario aplicado non se solicitou a indicación de datos persoais, senón un código de verificación consistente nos dous primeiros e últimos e letra final dos números de identidade e, de forma opcional, a conta de correo electrónico. Para asegurar o principio da absoluta confidencialidade no tratamento estatístico dos datos, como comprometido na solicitude de colaboración, as respostas da enquisa foron desvinculadas das contas de correo electrónico recibidas e do código de verificación asignado.

Posteriormente, a análise estatística dos dados foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estrutúrase en sete grandes bloques: información introdutoria, situación laboral anterior á realización do programa de doutoramento, situación actual, características do emprego actual, valoración do emprego actual, satisfacción global co programa de doutoramento e coa empregabilidade e inserción laboral.

2.1 Información introdutoria

O bloque 1 incorpora unha serie de dados de socio-demográficos do suxeito inquirido como o sexo, idade e lugar de residencia actual. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas que así o desexaren facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

2.2 Información académica

No tocante aos datos académicos o formulario incluíu cuestións sobre o perfil de ingreso en aspectos como a modalidade de acceso consoante os criterios do RD99/2011 e a universidade de procedencia, o programa de doutoramento completado no curso 2021/2022 e campus, ben como aspectos ligados á tese de doutoramento (publicacións derivadas, mencións oficiais do título, tipo de traballo de investigación, traballos experimentais realizados e experiencias de mobilidade).

2.3 Situación laboral anterior á realización do mestrado

O bloque 2 recolle información sobre a experiencia laboral previa á realización do programa de doutoramento na UVigo e a súa relación cos estudos realizados. Alén diso, inquiriu sobre as fontes de financiamento durante a realización dos estudos de doutoramento.

[18] Levouse a cabo a depuración dos datos recollidos, consistente no tratamento dos datos perdidos e a análise dos valores atípicos.

2.4 Informacións sobre a situación actual

O bloque 3 incorpora todas as informacións sobre a situación socio-laboral das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2021/2022 no momento de responder a enquisa. Aliás, recóllense as informacións máis relevantes relativas ao emprego como son o réxime de traballo (ou modalidade de contratación), tipo de contrato e de xornada, ben como a permanencia na situación socio-laboral actual.

2.5 Características do emprego actual

Para aquelas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa no bloque 4 inquiriuse polo lugar do traballo e diversos aspectos sobre o emprego como o tipo de traballo, a rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo/departamento, tamaño da empresa/entidade e ingresos, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

2.6 Valoración do emprego actual

A valoración do emprego actual abórdase a partir da relación existente entre o posto de traballo e os contidos do programa de doutoramento realizado na UVigo (adecuación temática ao traballo), a relación entre as exixencias do emprego actual e o nivel académico adquirido nos estudos de doutoramento realizados na UVigo; isto é, a adecuación das funcións ao traballo, ben como a satisfacción global co emprego actual.

2.7 Satisfacción co itinerario académico e coa empregabilidade e inserción laboral

No bloque 6 todos os suxeitos da mostra valoraron, cunha escala de satisfacción do 1 (moi insatisfactorio) a 5 (moi satisfactorio), aspectos relativos ao programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2021/2022 tanto do punto de vista académico (valoración global do programa de doutoramento realizado, dirección e titorización, competencias adquiridas e recomendación) como da empregabilidade e inserción laboral (capacitación para o desenvolvemento da carreira investigadora, contribución á inserción laboral e ao nivel socio-laboral).

2.8 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

2.9 Esquema do cuestionario

O Cadro nº 2 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº 2. Estrutura do formulario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos socio-demográficos	- Sexo - Procedencia - Idade - Lugar de residencia actual
Datos académicos	- Modalidade de acceso segundo RD99/2011 - Universidade de procedencia - Programa de doutoramento obtido na UVigo no curso 2021/2022 - Campus universitario - Mencións oficiais de título - Tipo de traballo de investigación - Experiencias de mobilidade académica
Experiencia laboral previa	- Experiencia laboral previa - Adecuación temática ao traballo

	- Fontes de financiamento do doutoramento
Situación socio-laboral actual	- Situación socio-laboral na altura de responder a enquisa - Modalidade de contratación - Tipo de contrato - Tipo de xornada - Tempo na situación actual
Características do emprego actual	- Lugar do traballo - Rama de actividade - Tipo de traballo - Sector económico - Área funcional de traballo - Categoría profesional - Tamaño da empresa/entidade - Ingresos
Valoración do emprego actual	- Satisfacción global co emprego actual - Adecuación temática ao traballo - Adecuación das funcións ao traballo
Satisfacción coa empregabilidade	- Desenvolvemento da carreira investigadora - Facilitación da inserción laboral - Melloría do nivel socio-laboral
Satisfacción cos estudos realizados	- Satisfacción global co programa de doutoramento - Dirección e titorización - Competencias adquiridas - Recomendación
Pregunta aberta para comentarios	
Datos persoais de contacto	- E-mail de contacto actualizado (opcional)

3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

3.1 Persoas

Dun total de 155 persoas tituladas no curso 2021/2022, recolléronse un total de 87 respostas válidas correspondentes a persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo en dita promoción.

3.2 Sexo

A mostra obtida de persoas inquiridas, ao igual que a poboación, é paritaria, ao estar composta por un 56,3% de mulleres e 43,7% de homes.

Cadro nº 3. Tamaño da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	70	38
Muller	85	49
Total	155	87

Cadro nº 4. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o sexo

	Poboación	Mostra
Home	45,2	43,7
Muller	54,8	56,3

3.3 Campus universitario

A mostra obtida distribúese, en concordancia coa poboación, segundo a seguinte secuencia: Vigo (62,1%), Ourense (19,5%) e Pontevedra (18,4%), sen desviacións significativas a respecto da distribución da poboación.

Cadro nº 5. Tamaño da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	29	17
Pontevedra	28	16
Vigo	98	54

Cadro nº 6. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o campus universitario

	Poboación	Mostra
Ourense	18,7	19,5
Pontevedra	18,1	18,4
Vigo	63,2	62,1

3.4 Ramas de coñecemento

A selección da mostra realizouse consoante un procedemento aleatorio estratificado, sendo a variábel de estratificación a porcentaxe de persoas tituladas no curso académico 2021/2022 en cada unha das cinco ramas de coñecemento[19]: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Enxeñaría e Arquitectura ou Tecnolóxica e Ciencias Sociais e Xurídicas ou Xurídico-Social.

O cadro nº 7 detalla o tamaño da poboación e mostra obtida de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2021/2022 para cada ámbito académico.

Cadro nº 7. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	28	20
Científica	59	28
Tecnolóxica	30	19
Xurídico-Social	38	20

O cadro nº 8 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº 8. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades	18,1	23,0
Científica	38,1	32,2
Tecnolóxica	19,4	21,8
Xurídico-Social	24,5	23,0

Os programas de doutoramento correspondentes a cada unha das ramas neste estudo pódense consultar no Anexo 5.
Na mostra obtida predominan as persoas tituladas en programas de doutoramento da rama Científica (32,2%) seguida por Artes e Humanidades e Xurídico-Social (23,0% ambas) e, a máis distancia, pola Tecnolóxica (21,8%). Rexistrouse certa sobrerrepresentación de persoas tituladas en Artes e Humanidades a custa da menor presenza da Científica.

[19] Definidas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

3.5 Programas de doutoramento

Neste apartado é comparada a proporción de persoas graduadas en estudos de doutoramento existente na poboación e na mostra obtida no curso 2021/2022.

Cadro nº 9. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o programa de doutoramento

	% Poboación	% Mostra
Análise Económica e Estratexia Empresarial	4,5	6,9
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	1,3	-
Biotecnoloxía Avanzada	2,6	3,4
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	7,1	4,6
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	2,6	2,3
Ciencia e Tecnoloxía Química	1,3	2,3
Ciencias da Educación e do Comportamento	3,9	5,7
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	2,6	2,3
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	9,7	5,7
Comunicación	1,9	1,1
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	7,7	10,3
Creatividade e Innovación Social e Sostible	1,3	2,3
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	2,6	1,1
Educación, Deporte e Saúde	4,5	3,4
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	1,9	1,1
Enxeñaría Química	2,6	2,3
Equidade e Innovación en Educación	1,9	1,1
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	1,9	3,4
Estudos Lingüísticos	1,9	3,4
Estudos Literarios	3,2	2,3
Física Aplicada	1,3	1,1
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	1,9	3,4
Láser, Fotónica e Visión	1,3	1,1
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	5,2	6,9
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	1,3	2,3
Nanomedicina	1,3	1,1
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	1,3	-
Ordenación Xurídica do Mercado	3,2	2,3
Protección do Patrimonio Cultural	1,3	2,3
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	3,9	5,7
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	5,8	4,6
Tradución e Paratradución	1,3	1,1
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	1,3	1,1
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	2,6	1,1

4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica no curso académico 2021/2022 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título de doutoramento no curso académico 2021/2022.

Mostra recollida: 87 cuestionarios.

Estratificación: Para o total da mostra leváronse en conta as variábeis de segmentación sexo, lugar de residencia, procedencia, campus (se proceder), ámbitos académicos e programa de doutoramento obtido. Para as persoas que traballaban no momento de responder a enquisa a estratificación aplicouse á modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar do traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional, ingresos/salario e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: As enquisas foron remitidas por correo electrónico a unha lista de persoas tituladas da UVigo que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio no momento de solicitar o seu título. O cuestionario tamén foi difundido en redes sociais propias, captándose os dados nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: Para un nivel de confianza de 95%, e p=q, o erro real é de ±6,982% para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples[20].

Datas de realización: De 3 de setembro a 15 de outubro de 2024.

[20] Baixo as mesmas hipóteses, a seguir reflíctese a distribución de erros mostrais por rama coñecemento: Artes e Humanidades (0,11928), Científica (0,13540), Tecnolóxica (0,13846) e Xurídico-Social (0,15284).

Caracterización da poboación

1. Poboación graduada en doutoramento da UVigo no curso 2021/2022

Comparativamente cos estudos oficiais de grao e de mestrado universitario, os estudos de doutoramento, segundo mostra o Cadro nº 10, reduce o peso das ramas Xurídico-Social e crece especialmente na Científica e en Artes e Humanidades.

Cadro nº 10. Diferenza da distribución por ramas do coñecemento entre formación de grao, mestrado e doutoramento no curso 2021/2022

	Grao	Mestrado	Doutoramento
Artes e Humanidades	14,0	6,3	23,0
Ciencias da Saúde	6,9	3,0	0,0
Científica	11,2	15,3	32,2
Tecnolóxica	25,4	29,2	21,8
Xurídico-Social	42,5	46,2	23,0

As mulleres son maioría en todos os ámbitos, salvo no Tecnolóxico, en que representan 31,6%, existindo sobrerrepresentación feminina en Artes e Humanidades (80,0%) e Xurídico-Social (65,0%) e paridade no Científico.

Cadro nº 11. Poboación graduada en doutoramento segundo a rama do coñecemento por sexo no curso 2021/2022

	Home	Muller
Artes e Humanidades	20,0	80,0
Científica	50,0	50,0
Tecnolóxica	68,4	31,6
Xurídico-Social	35,0	65,0

2. Procedencia do talento

Este apartado aborda a distribución das persoas graduadas en estudos de doutoramento segundo a súa cidadanía a efectos de determinar os antigos estudantes de procedencia internacional e nacional ou con cidadanía española.


2.1 Resultados globais e por sexo

O 17,4% da poboación graduada en doutoramento na UVigo é de orixe estranxeira, sendo máis frecuente en homes (27,1%) que en mulleres (9,4%).

Cadro nº 12. Poboación graduada en doutoramento segundo a súa procedencia

	Global	Home	Muller
Nacional	82,6	72,9	90,6
Internacional	17,4	27,1	9,4

Dos 7 países de procedencia das persoas graduadas en doutoramento na UVigo no curso 2021/2022, predomina Portugal (42,3%), seguido a máis distancia polo Brasil (19,2%) e o Exipto (15,4%), ben como Ecuador e a India (7,7% ambos), Camerún e a Italia (3,8% ambos).



Mapa nº 1. Lugar de procedencia por países do talento internacional

> Visualizar datos

Destas persoas graduadas, case metade (46,2%) procede de 2 países da UE, seguidas de 26,9% da América Latina, 19,2% do norte de África e 7,7% de Asia.

2.2 Procedencia segundo o campus

É significativa a maior proporción de persoas graduadas en estudos de doutoramento de procedencia internacional no Campus de Vigo (19,4%) contra o 13,8% en Ourense e 14,3% en Pontevedra.

Cadro nº 13. Procedencia do talento segundo o campus universitario

	Nacional	Internacional
Ourense	86,2	13,8
Pontevedra	85,7	14,3
Vigo	80,6	19,4

2.3 Procedencia segundo a rama do coñecemento

É significativo o maior talento estranxeiro entre as persoas graduadas en doutoramento da rama Tecnolóxica (36,7%), seguida pola Xurídico-Social (15,8%) e en Artes e Humanidades (14,3%) que na Científica (10,2%).

Cadro nº 14. Procedencia do talento segundo a rama do coñecemento

	Nacional	Internacional
Artes e Humanidades	85,7	14,3
Científica	89,8	10,2
Tecnolóxica	63,3	36,7
Xurídico-Social	84,2	15,8

2.4 Procedencia segundo o programa de doutoramento

A captación de talento internacional é total nas persoas graduadas en doutoramento en Tradución e Paratradución, ben como na maioría en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (55,6%), metade en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento; Biotecnoloxía Avanzada; Láser, Fotónica e Visión e en Sistemas de Software Intelixentes

e Adaptábeis, e un terzo en Comunicación, Equidade e Innovación en Educación; Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria.

Polo contrario, en 15 dos 34 programas de doutoramento avaliados todas as persoas graduadas eran de procedencia nacional e, de forma expresiva, en Ciencias Mariñas, Tecnoloxías e Xestión (93, 3%) e en Creación e Investigación en Arte Contemporánea (91,7%), Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (87,5%), Análise Económica e Estratexia Empresarial e en Educación, Deporte e Saúde (85,7% ambos).

Cadro nº 15. Procedencia do talento segundo o programa de doutoramento

	Internacional	Nacional
Análise Económica e Estratexia Empresarial	14,3	85,7
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	50,0	50,0
Biotecnoloxía Avanzada	50,0	50,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,0	100,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	25,0	75,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	100,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	100,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	75,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	6,7	93,3
Comunicación	33,3	66,7
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	8,3	91,7
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,0	100,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	0,0	100,0
Educación, Deporte e Saúde	14,3	85,7
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	0,0	100,0
Enxeñaría Química	25,0	75,0
Equidade e Innovación en Educación	33,3	66,7
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	33,3	66,7
Estudos Lingüísticos	0,0	100,0
Estudos Literarios	0,0	100,0
Física Aplicada	0,0	100,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	33,3	66,7
Láser, Fotónica e Visión	50,0	50,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	12,5	87,5
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	100,0
Nanomedicina	0,0	100,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,0	100,0
Ordenación Xurídica do Mercado	20,0	80,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	100,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	50,0	50,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	55,6	44,4
Tradución e Paratradución	100,0	0,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	100,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	0,0	100,0

3. Datos académicos

3.1 Teses con mención de doutoramento internacional

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención de doutoramento internacional, sempre que concorran as circunstancias establecidas no artigo 42 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UVigo ligada á duración das estadías no estranxeiro, estea redixida nunha lingua distinta a calquera das oficiais no Estado, que sexa informada por un mínimo de dous especialistas doutores estranxeiros e/ou baixo a forma de tese en cotutela.

3.1.1 Resultados globais e por sexo

Un 33,1% de teses de doutoramento lidas no curso 2021/2022 incluíron a mención de doutoramento internacional, sendo máis frecuente en mulleres (35,8%) que en homes (29,9%).

Cadro nº 16.Teses con mención de doutoramento internacional

	%
Global	33,1
Home	29,9
Muller	35,8

3.1.2 Teses con mención de doutoramento internacional segundo a procedencia

Os doutores/as con cidadanía española presentan significativamente máis teses con mención de doutoramento internacional (37,7%) que os doutores/as de nacionalidade estranxeira (11,5%).

Cadro nº 17. Teses con mención internacional segundo a procedencia

	%
Internacional	11,5
Nacional	37,7

3.1.3 Teses con mención de doutoramento internacional segundo a rama do coñecemento

É significativa a maior frecuencia de teses con mención de doutoramento internacional nas persoas graduadas das ramas Científica (46,6%) e Tecnolóxica (37,9%) que na Xurídico-Social (16,7%) e en Artes e Humanidades (20,0%).

Cadro nº 18. Teses con mención internacional segundo a rama de coñecemento

	%
Artes e Humanidades	20,0
Científica	46,6
Tecnolóxica	37,9
Xurídico-Social	16,7

3.1.4 Teses con mención de doutoramento internacional segundo o programa de doutoramento

As teses con mención de doutoramento internacional son maioritarias en 6 dos 34 programas de doutoramento avaliados, abranxendo a totalidade de persoas graduadas en Física Aplicada e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria, seguida polo 75,0% en Enxeñaría Química, 72,7% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar, 66,7% en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces e en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e metade en Auga,

Sustentabilidade e Desenvolvemento; Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable; Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida e en Nanomedicina.

Polo contrario en 12 programas de doutoramento non existe este tipo de mención, atinxindo menos de 25% en Educación, Deporte e Saúde (14,3%), Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables (16,7%) e en Ordenación Xurídica do Mercado (20,0%).

Cadro nº 19. Teses con mención internacional segundo a rama de coñecemento

	%
Análise Económica e Estratexia Empresarial	33,3
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	50,0
Biotecnoloxía Avanzada	25,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	72,7
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	66,7
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	50,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	46,7
Comunicación	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	27,3
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	0,0
Educación, Deporte e Saúde	14,3
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	33,3
Endocrinoloxía	75,0
Enxeñaría Química	0,0
Equidade e Innovación en Educación	33,3
Estatística e Investigación Operativa	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	25,0
Estudos Lingüísticos	100,0
Estudos Literarios	66,7
Física Aplicada	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	50,0
Láser, Fotónica e Visión	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	50,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	20,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	16,7
Química Teórica e Modelización Computacional	33,3
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	0,0
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	100,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	25,0
Tradución e Paratradución	33,3
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	50,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	25,0

3.2 Lingua de lectura da tese

3.2.1 Resultados globais e por sexo

O español é a lingua de lectura de metade das teses (50,3%) das persoas graduadas en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2021/2022 seguido polo inglés (41,9%) e, a máis distancia, galego e portugués (3,9% ambas).

Por sexo é significativa a maior proporción de teses de doutoramento en español defendidas por mulleres (57,6% contra 41,4%), en inglés por homes (51,4% contra 34,1%), máis galego en mulleres (5,9% contra 1,4%) e sen diferenzas significativas no caso do portugués.

Cadro nº 20. Lingua de lectura da tese no curso 2021/2022

	Global	Home	Muller
Español	50,3	41,4	57,6
Galego	3,9	1,4	5,9
Inglés	41,9	51,4	34,1
Portugués	3,9	5,7	2,4

3.2.2 Lingua de lectura da tese segundo a procedencia

O inglés é a lingua maioritaria da redacción da tese de doutoramento dos doutores/as internacionais (63,0%) e de 37,5% de doutores/as con cidadanía española, entre os cales a maioría (57,8%) redixiu os resultados da súa investigación en español e, en menor proporción, en galego (4,7%). O portugués foi a lingua de 22,2% de doutores/as internacionais.

Cadro nº 21. Lingua de lectura da tese segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Español	57,8	14,8
Galego	4,7	0,0
Inglés	37,5	63,0
Portugués	0,0	22,2

3.2.3 Lingua de lectura segundo a rama do coñecemento

O español é a lingua maioritaria da redacción das teses de doutoramento dos graduados/as en Artes e Humanidades (75,0%) e Xurídico-Social (73,7%) contra o mínimo na Tecnolóxica (23,3%) e Científica (37,3%). O inglés é a lingua maioritaria das teses de doutoramento da rama Tecnolóxica (76,7%) e Científica (57,6%) contra o mínimo en Artes e Humanidades (7,1%) e Xurídico-Social (15,8%).

A lingua galega foi usada para a redacción de 7,1% de teses de doutoramento en Artes e Humanidades, 5,3% da Xurídico-Social e 3,4% da Científica mentres que o portugués atinxiu unha parcela considerábel (10,7%) en Artes e Humanidades, seguido pola Xurídico-Social (5,3%) e Científica (1,7%).

Cadro nº 22. Lingua de lectura da tese segundo a rama do coñecemento

	Español	Galego	Inglés	Portugués
Artes e Humanidades	75,0	7,1	7,1	10,7
Científica	37,3	3,4	57,6	1,7
Tecnolóxica	23,3	0,0	76,7	0,0
Xurídico-Social	73,7	5,3	15,8	5,3

3.2.4 Lingua de lectura segundo o programa de doutoramento

O español é a única lingua de lectura das teses de doutoramento en 6 dos 34 programas avaliados (Equidade e Innovación en Educación, Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas, Neurociencia e Psicoloxía Clínica, Ordenación Xurídica do Mercado, Protección do Patrimonio Cultural e en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica) e maioritario noutros 8.

En inglés foron ridixidas todas as teses de doutoramento en 5 programas (Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento; Enxeñaría Química, Física Aplicada; Láser, Fotónica e Visión e en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria), ben como na maioría en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (88,9%), Biotecnoloxía Avanzada, Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces e en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable (75,0% cada un), Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (73,3%), Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura; Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables (66,7% cada un).

O portugués foi a lingua de todas as teses de doutoramento en Tradución e Paratradución, un terzo en Comunicación, seguido polo 14,3% en Educación, Deporte e Saúde, 8,3% en Creación e Investigación en Arte Contemporánea e 6,7% en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión.

O galego apenas foi a lingua de redacción das teses de doutoramento en metade de persoas graduadas en Ciencia e Tecnoloxía Química e en Creatividade e Innovación Social e Sostible, un terzo en Estudos Lingüísticos, 20,0% en Estudos Literarios, 16,7% en Ciencias da Educación e do Comportamento e 9,1% en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar.

Cadro nº 23. Lingua de lectura da tese segundo o programa de doutoramento

	Español	Galego	Inglés	Portugués
Análise Económica e Estratexia Empresarial	57,1	0,0	42,9	0,0
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento	0,0	0,0	100,0	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	25,0	0,0	75,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	45,5	9,1	45,5	0,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	25,0	0,0	75,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	50,0	50,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	83,3	16,7	0,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	25,0	0,0	75,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	20,0	0,0	73,3	6,7
Comunicación	33,3	0,0	33,3	33,3
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	91,7	0,0	0,0	8,3
Creatividade e Innovación Social e Sostible	50,0	50,0	0,0	0,0
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais	75,0	0,0	25,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	85,7	0,0	0,0	14,3
Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura	66,7	0,0	33,3	0,0
Enxeñaría Química	0,0	0,0	100,0	0,0
Equidade e Innovación en Educación	100,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	33,3	0,0	66,7	0,0
Estudos Lingüísticos	66,7	33,3	0,0	0,0
Estudos Literarios	80,0	20,0	0,0	0,0
Física Aplicada	0,0	0,0	100,0	0,0

Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	33,3	0,0	66,7	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	100,0	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	50,0	0,0	50,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	100,0	0,0	0,0	0,0
Nanomedicina	50,0	0,0	50,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	100,0	0,0	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	100,0	0,0	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	100,0	0,0	0,0	0,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	33,3	0,0	66,7	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	11,1	0,0	88,9	0,0
Tradución e Paratradución	0,0	0,0	0,0	100,0
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	0,0	0,0	100,0	0,0
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	100,0	0,0	0,0	0,0

3.2.5 Lingua de lectura segundo o doutoramento internacional

O inglés é a lingua de lectura maioritaria das teses con mención de doutoramento internacional (77,6% contra 24,2%), seguida polo español (20,4%). Existe máis variedade lingüística nas teses sen mención de doutoramento internacional.

Cadro nº 24. Lingua de lectura da tese segundo a mención de doutoramento internacional

	Sen doutoramento internacional	Con doutoramento internacional
Español	64,6	20,4
Galego	5,1	2,0
Inglés	24,2	77,6
Portugués	6,1	0,0

3.3 Teses por compendio de artigos

Segundo o artigo 41 do Regulamento de estudos de doutoramento da UVigo[21], a tese de doutoramento poderá conter un conxunto de traballos que o doutorando/a ten publicados, ou que contan coa aceptación definitiva para a súa publicación. O texto da tese que coincida cos traballos publicados seguirá as mesmas normas de arquivo que os propios traballos, polo que soamente pode depositarse o post-print dos artigos, que pode ser a versión enviada polo autor/a antes da publicación, a versión publicada polo editor/a ou calquera outra que determine a política de copyright e autoarquivo da revista/editorial.

A UVigo recoñece como «tese por compendio de publicacións» cando, alén de cumprirse todo o previsto no artigo 41 de dito Regulamento, a tese inclúa un mínimo de tres artigos de investigación publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar editados en revistas indexadas na listaxe do ámbito correspondente do Journal Citation Reports (SCI e/ou SSCI). Nas áreas en que non se aplique este criterio, poderá substituírse polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.

3.3.1 Resultados globais e por sexo

Un 31,8% das teses de doutoramento lidas no curso 2021/2022 contiñan os traballos publicados polo estudante de doutoramento segundo o formato de "tese por compendio de publicacións", sen diferenzas entre homes e mulleres.

[21] Aprobado no Consello de Goberno do 20/07/2012 e modificado tras os acordos dos consellos de goberno do 06/06/2014 e do 07/02/2017, 27/02/2020 e 1/2/2022.

Cadro nº 25. Teses por compendio de artigos

	%
Global	31,8
Home	31,3
Muller	32,1

3.3.2 Teses por compendio de artigos segundo a procedencia

Os doutores/as con cidadanía española presentaron máis teses por compendio de artigos (36,1%) que os internacionais (11,5%).

Cadro nº 26. Teses por compendio de artigos segundo a procedencia

	%
Nacional	36,1
Internacional	11,5

3.3.3 Teses por compendio de artigos segundo a rama do coñecemento

A maioría de persoas graduadas en estudos de doutoramento da rama Científica presentou a súa tese por compendio de artigos (51,7%) seguida pola Tecnolóxica (41,4%) contra a nula en Artes e Humanidades e 13,9% na Xurídico-Social.

Cadro nº 27. Teses por compendio de artigos segundo a rama do coñecemento

	%
Artes e Humanidades	0,0
Científica	51,7
Tecnolóxica	41,4
Xurídico-Social	13,9

3.3.4 Teses por compendio de artigos segundo o programa de doutoramento

O Cadro nº 340 mostra que o nivel de ingresos dos graduados/as en doutoramento da UVigo no curso 2021/2022 depende da procedencia do talento (p-valor<0,05). En media reciben significativamente máis ingresos os doutores/as internacionais que os de cidadanía española (2572,72€ contra 1957,42€).

As diferenzas nos ingresos medios (615,31€) e medianos (385,65€) representan un nivel de rendementos dos doutores nacionais de 31,43% e 20,68%, respectivamente.

[48] Corrección de datos extremos.

Hai máis doutores/as nacionais con ingresos no rango inferior a 1000€ (15,3% contra 11,1%), máis que duplicando a proporción de doutores internacionais con ingresos superiores a 2500€ (44,4% contra 18,5%).

Cadro nº 340. Ingreso neto mensal segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Menos de 500€	1,5	0,0
Entre 500 e 1000€	13,8	11,1
Entre 1001 e 1500€	7,7	0,0
Entre 1501 e 2000€	36,9	33,3
Entre 2001 e 2500€	21,5	11,1
Entre 2501 e 3000€	4,6	11,1
Entre 3001 e 3500€	9,2	11,1
Máis de 3500€	4,6	22,2
Ingreso medio (€)	1957,42	2572,72
Ingreso mediano (€)	1864,85	2250,50

5.13.3 Ingresos segundo o lugar do traballo

O Cadro nº 341 mostra os resultados do nivel de ingresos dos graduados/as en doutoramento da UVigo no curso 2021/2022 segundo o lugar do traballo. Como se pode observar, existen tres tipos de perfís de rendementos para cada área xeográfica avaliada, cunha tendencia crecente de Galicia ao estranxeiro segundo a seguinte secuencia: Galicia (1870,39€), outras comunidades autónomas (2107,64€) e estranxeiro (2614,79€). O intervalo modal común está entre os 1501 e 2000€, atinxindo máximo de 42,9% noutras comunidades autónomas, 37,7% en Galicia e 28,6% no estranxeiro. A faixa con ingresos inferiores a 1000€ en Galicia (17,0%) e outras comunidades autónomas (14,3%) duplica a rexistrada no estranxeiro (7,1%). A agregación dos rangos superiores a 2500€ no estranxeiro (50,0%) e noutras comunidades autónomas (42,9%) é moito superior á rexistrada en Galicia (11,3%).

Cadro nº 341. Ingreso neto mensal segundo o lugar do traballo

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Menos de 500€	0,0	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	17,0	14,3	7,1
Entre 1001 e 1500€	7,5	0,0	7,1
Entre 1501 e 2000€	37,7	42,9	28,6
Entre 2001 e 2500€	26,4	0,0	7,1
Entre 2501 e 3000€	0,0	28,6	14,3
Entre 3001 e 3500€	7,5	14,3	14,3
Máis de 3500€	3,8	0,0	21,4
Ingreso medio (€)	1870,39	2107,64	2614,79
Ingreso mediano (€)	1837,83	1916,83	2500,00

5.13.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

5.13.3.1.1 Provincias

O rango modal de ingresos en toda Galicia atinxe 100,0% en Lugo, 50,0% na Coruña, 37,1% en Pontevedra e 22,2% en Ourense. Os ingresos rexistrados en Ourense superan significativamente o resto.

Cadro nº 342. Intervalos de ingresos netos mensais en Galicia por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Menos de 500€	0,0	0,0	0,0	2,9
Entre 500 e 1000€	25,0	0,0	11,1	14,3
Entre 1001 e 1500€	0,0	0,0	0,0	11,4
Entre 1501 e 2000€	50,0	100,0	22,2	37,1
Entre 2001 e 2500€	25,0	0,0	11,1	31,4
Entre 2501 e 3000€	0,0	0,0	0,0	0,0
Entre 3001 e 3500€	0,0	0,0	44,4	0,0
Máis de 3500€	0,0	0,0	11,1	2,9
Ingreso medio (€)	1625,50	1750,50	2603,50	1729,06
Ingreso mediano (€)	1750,50	1750,50	3063,38	1788,88

5.13.3.1.2 Concellos

Os ingresos medios de Galicia (1870,39€) son superados polos doutores/as que traballan en Ourense e Santiago de Compostela.

Cadro nº 343. Intervalos de ingresos netos mensais nos concellos representativos de Galicia

	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo
Menos de 500€	0,0	25,0	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	14,3	25,0	0,0	12,0
Entre 1001 e 1500€	0,0	0,0	0,0	16,0
Entre 1501 e 2000€	28,6	25,0	66,7	48,0
Entre 2001 e 2500€	0,0	0,0	33,3	24,0
Entre 2501 e 3000€	0,0	0,0	0,0	0,0
Entre 3001 e 3500€	42,9	0,0	0,0	0,0
Máis de 3500€	14,3	25,0	0,0	0,0
Ingreso medio (€)	2536,21	1637,88	1917,17	1670,50
Ingreso mediano (€)	3084,17	1000,00	1875,25	1729,71

O Anexo 33 mostra a distribución porcentual dos intervalos de ingresos netos mensais das persoas graduadas que traballan en Galicia por concellos.

5.13.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

Os destinos con maiores frecuencias dos rendementos máis altos rexistráronse nas Canarias (entre 3001 e 3500€), Castela e León e Comunidade Valenciana (entre 2501 e 3000€ ambas) e o menor (entre 500 e 1000€) na Estremadura..

Cadro nº 344. Intervalos de ingresos netos mensais noutras comunidades autónomas

	<500	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500
Canarias	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Castela e León	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0
Comunidade de Madrid	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Comunidade Valenciana	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0
Estremadura	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

5.13.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

O intervalo de ingresos superior a 3500€ é total nos EUA e Luxemburgo, atinxindo o intervalo entre 3001 e 3500€ metade no Reino Unido. O intervalo modal entre 501 e 1000€ atinxe o 100,0% no Brasil.

Cadro nº 345. Intervalos de ingresos netos mensais no resto do mundo por países

	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500
Arxentina	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Bélxica	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0
Brasil	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
EUA	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Luxemburgo	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Portugal	0,0	0,0	50,0	16,7	16,7	16,7	0,0
Reino Unido	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0

5.13.4 Ingresos segundo a rama de coñecemento

Relativamente á relación entre a rama de coñecemento dos estudos de doutoramento realizados e os ingresos das persoas tituladas no curso 2021/2022 existen diferenzas entre as porcentaxes nos diferentes intervalos de ingresos. O intervalo modal sitúase entre 2001 e 2500€ na Xurídico-Social (27,8%), entre 1501 e 2000€ nas ramas Tecnolóxica (52,9%) e Científica (33,3%) e entre 500 e 1000€ en Artes e Humanidades (40,0%). Así sendo, os ingresos medios oscilan entre o máximo na Tecnolóxica (2303,44€), seguidos pola Xurídico-Social (2158,83€) e Científica (2017,17€) e o mínimo en Artes e Humanidades (1562,30€).

Cadro nº 346. Intervalos de ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento

	<500	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500	Medio (€)	Mediano (€)
Artes e Humanidades	0,0	40,0	6,7	33,3	6,7	6,7	0,0	6,7	1562,30	1550,90
Científico	0,0	4,2	16,7	33,3	29,2	8,3	4,2	4,2	2017,17	1937,63
Tecnolóxico	0,0	5,9	0,0	52,9	11,8	5,9	11,8	11,8	2303,44	1916,83
Xurídico-Social	0,0	16,7	0,0	27,8	27,8	0,0	22,2	5,6	2158,83	2100,80

5.13.4.1 Ingresos segundo a rama de coñecemento por sexo

Os Cadros nº 347 e 348 mostran, respectivamente, os intervalos de ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento de homes e mulleres.

Cadro nº 347. Intervalos de ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento por sexo (home)

	<500	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500	Medio (€)	Mediano (€)
Artes e Humanidades	0,0	33,3	0,0	33,3	0,0	33,3	0,0	0,0	1750,50	1750,50
Científico	0,0	7,1	7,1	35,7	35,7	0,0	7,1	7,1	2100,50	2000,00
Tecnolóxico	0,0	0,0	0,0	50,0	16,7	0,0	16,7	16,7	2533,83	2000,00
Xurídico-Social	0,0	14,3	0,0	42,9	28,6	0,0	14,3	0,0	1964,79	1916,83

Cadro nº 348. Intervalos de ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento por sexo (muller)

	<500	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500	Medio (€)	Mediano (€)
Artes e Humanidades	8,3	33,3	8,3	33,3	8,3	0,0	0,0	8,3	1494,38	1500,00
Científico	0,0	0,0	30,0	30,0	20,0	20,0	0,0	0,0	1900,50	1833,67
Tecnolóxico	0,0	20,0	0,0	60,0	0,0	20,0	0,0	0,0	1750,50	1750,50
Xurídico-Social	0,0	18,2	0,0	18,2	27,3	0,0	27,3	9,1	2295,95	2250,50

5.13.5 Ingresos segundo o programa de doutoramento

Os Cadros nº 349 e 350 mostran, para cada programa de doutoramento avaliado, os intervalos de ingresos netos mensais e os valores dos ingresos medios e medianos das persoas graduadas na altura de responder a enquisa.

Cadro nº 349. Intervalos de ingresos netos mensais segundo o programa de doutoramento

	<500	500-1000	1001-1500	1501-2000	2001-2500	2501-3000	3001-3500	>3500
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	0,0	16,7	16,7
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	33,3	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	0,0	0,0	25,0	25,0	0,0	50,0	0,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	20,0	0,0	40,0	40,0	0,0	0,0	0,0
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	75,0	0,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Creatividade e Innovación Social e Sostible	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Educación, Deporte e Saúde	0,0	33,3	0,0	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	33,3	0,0	33,3	33,3	0,0	0,0	0,0
Estudos Lingüísticos	0,0	33,3	0,0	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Literarios	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	0,0	66,7	0,0	0,0	33,3	0,0
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0	33,3	0,0	16,7	16,7	16,7	16,7
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Protección do Patrimonio Cultural	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	0,0	33,3	0,0	33,3	0,0	0,0	33,3	0,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0	0,0	50,0	25,0	0,0	0,0	25,0

Cadro nº 350. Ingresos netos mensais segundo o programa de doutoramento

	Ingreso medio (€)	Ingreso mediano (€)
Análise Económica e Estratexia Empresarial	2475,50	2250,50
Biotecnoloxía Avanzada	2000,50	2000,00
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	2250,50	2250,50
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	1500,50	1500,00
Ciencia e Tecnoloxía Química	1750,50	1750,50
Ciencias da Educación e do Comportamento	2625,50	2500,00
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	2500,50	2000,00
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	1750,50	1875,25
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	1000,50	832,67
Creatividade e Innovación Social e Sostible	1500,50	1000,00
Educación, Deporte e Saúde	1417,17	1625,75
Enxeñaría Química	1750,50	1750,50

Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	1583,83	1750,50
Estudos Lingüísticos	1417,17	1625,75
Estudos Literarios	1500,50	1500,00
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	2250,50	1875,25
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	2483,83	2500,00
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	1750,50	1750,50
Ordenación Xurídica do Mercado	1750,50	1750,50
Protección do Patrimonio Cultural	3339,00	3000,00
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	1917,17	1750,50
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	2550,50	2000,00

5.13.6 Ingresos segundo a antigüidade no posto

Existen relacións de dependencia estatística entre a antigüidade no posto de traballo e os ingresos netos (p-valor<0,05). O intervalo modal é de 2001 e 2500€ nas persoas tituladas con antigüidade superior a 30 meses e entre 6 e 12 meses (26,9% e 30,0%, respectivamente) e entre 1501 e 2000€ co 75,0% entre 12 e 18 meses, 58,8% entre 18 e 24 meses, 57,1% con menos de 6 meses e 44,4% entre 24 e 30 meses.

Os ingresos medios segundo os tramos de antigüidade avaliados oscilan do máximo de 2761,61€ nas persoas con antigüidade entre 24 e 30 meses ao mínimo de 1750,50€ con menos de 6 meses.

Cadro nº 351. Intervalos de ingresos netos mensais segundo a antigüidade no posto

	0-6	6-12	12-18	18-24	24-30	> 30 meses
Menos de 500€	0,0	10,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	14,3	20,0	0,0	5,9	0,0	19,2
Entre 1001 e 1500€	0,0	0,0	0,0	17,6	0,0	7,7
Entre 1501 e 2000€	57,1	20,0	75,0	58,8	44,4	15,4
Entre 2001 e 2500€	28,6	30,0	0,0	5,9	22,2	26,9
Entre 2501 e 3000€	0,0	10,0	25,0	5,9	0,0	3,8
Entre 3001 e 3500€	0,0	10,0	0,0	5,9	0,0	19,2
Máis de 3500€	0,0	0,0	0,0	0,0	33,3	7,7
Ingreso medio (€)	1750,50	1825,45	2000,50	1779,97	2761,61	2148,73
Ingreso mediano (€)	1812,88	2000,00	1833,67	1725,55	2125,75	2143,57

5.13.7 Ingresos segundo o réxime de traballo

Segundo a modalidade de contratación son significativamente maiores os salarios das persoas graduadas en doutoramento empregadas por conta allea (2120,07€) que os ingresos das que traballan por conta propia[49] (1000,40€).

En consecuencia, mentres que o intervalo modal de salarios entre graduados/as que traballan por conta allea está entre 1501 e 2000€ (37,7%), os ingresos de 40,0% das persoas que traballan por conta propia está no rango entre 500 e 1000€, cun 20,0% inferior aos 500€.

Cadro nº 352. Intervalos de ingresos netos mensais segundo o réxime de traballo

	Conta allea (salarios)	Conta propia (ingresos)
Menos de 500€	0,0	20,0
Entre 500 e 1000€	11,6	40,0
Entre 1001 e 1500€	5,8	20,0
Entre 1501 e 2000€	37,7	20,0

[49] Traballadores/as autónomos/as e empresarios/as (ou titulares dunha empresa).

Entre 2001 e 2500€	21,7	0,0
Entre 2501 e 3000€	5,8	0,0
Entre 3001 e 3500€	10,1	0,0
Máis de 3500€	7,2	0,0
Ingreso medio (€)	2120,07	1000,40
Ingreso mediano (€)	1932,83	875,25

Máis pormenorizadamente, o cadro nº 353 mostra a distribución salarial segundo as categorías das modalidades de contratación. Os salarios recibidos tanto na empresa privada (2280,50€) e sector público (2033,23€) son significativamente superiores aos ingresos de traballadores/autónomos (937,88€) e empresarios/as (1250,50€). O intervalo modal dos doutores/as que traballan por conta allea áchase entre 1501 e 2000€, sendo máis frecuente no sector público (38,8%) que na empresa privada (35,0%). O 75% de traballadores/as autónomos/as referiron recibir uns ingresos inferiores a 1000€ e a totalidade de empresarios inquiridos entre 1001 e 1500€.

Cadro nº 353. Intervalos de ingresos netos mensais do emprego por conta allea

	Conta allea (salario)		**Conta propia (ingresos)**	
	Empresa privada	Sector público	Empresario/a	Traballo autónomo
Menos de 500€	0,0	0,0	0,0	25,0
Entre 500 e 1000€	10,0	12,2	0,0	50,0
Entre 1001 e 1500€	15,0	2,0	100,0	0,0
Entre 1501 e 2000€	35,0	38,8	0,0	25,0
Entre 2001 e 2500€	5,0	28,6	0,0	0,0
Entre 2501 e 3000€	5,0	6,1	0,0	0,0
Entre 3001 e 3500€	15,0	8,2	0,0	0,0
Máis de 3500€	15,0	4,1	0,0	0,0
Ingreso medio (€)	2280,50	2033,23	1250,50	937,88
Ingreso mediano (€)	1857,43	1960,61	1250,50	750,50

5.13.8 Ingresos segundo o tipo de contrato

Os salarios dos doutores/as con contratos indefinidos (2277,53€) superan aos eventuais (1872,38€), cun intervalo modal común entre 1501 e 2000€. A estabilidade está ligada á maior frecuencia de salarios superiores a 2500€ (29,7% contra 15,6%).

Cadro nº 354. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o tipo de contrato

	Estabilidade laboral (indefinido)	**Eventualidade laboral (temporal)**
Menos de 500€	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	2,7	21,9
Entre 1001 e 1500€	8,1	3,1
Entre 1501 e 2000€	32,4	43,8
Entre 2001 e 2500€	27,0	15,6
Entre 2501 e 3000€	5,4	6,3
Entre 3001 e 3500€	16,2	3,1
Máis de 3500€	8,1	6,3
Ingreso medio (€)	2277,53	1872,38
Ingreso mediano (€)	2125,75	1786,14

O Cadro nº 355 mostra as frecuencias de salarios das diferentes categorías de contratos, oscilando do máximo de salarios medios de 2613,33€ nos contratos fixos/titularidade de praza ao mínimo de 1706,06€ nos contratos temporais.

Cadro nº 355. Intervalo de ingresos netos mensais das categorías de contrato

	Estabilidade		Eventualidade		
	Fixo/titular	Indefinido	Bolsa	Por obra/servizo	Temporal
Menos de 500€	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	5,3	4,2	0,0	0,0	0,0
Entre 1001 e 1500€	5,3	20,8	0,0	0,0	0,0
Entre 1501 e 2000€	21,1	20,8	40,0	40,0	40,0
Entre 2001 e 2500€	31,6	20,8	50,0	50,0	50,0
Entre 2501 e 3000€	5,3	12,5	0,0	0,0	0,0
Entre 3001 e 3500€	10,5	4,2	0,0	0,0	0,0
Máis de 3500€	21,1	16,7	10,0	10,0	10,0
Ingreso medio (€)	2613,33	1987,34	1875,50	2317,17	1706,06
Ingreso mediano (€)	2428,71	1841,23	1800,40	2000,00	1667,33

5.13.9 Ingresos segundo o tipo de xornada

Existen diferenzas moito significativas no nivel salarial segundo o tipo de xornada (p-valor<0,05). Así sendo, mentres que o intervalo modal de salarios de todas as persoas tituladas a traballar a tempo parcial está entre 500 e 1000€, nas que traballan a tempo completo está entre 1501 e 2000€ (41,9%), o que se traduce nuns salarios netos mensais dos empregados/as a tempo completo (2274,69€) que triplican aos que traballan a tempo parcial (750,50€).

Cadro nº 356. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o tipo de xornada

	A tempo completo	A tempo parcial
Menos de 500€	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	1,6	100,0
Entre 1001 e 1500€	6,5	0,0
Entre 1501 e 2000€	41,9	0,0
Entre 2001 e 2500€	24,2	0,0
Entre 2501 e 3000€	6,5	0,0
Entre 3001 e 3500€	11,3	0,0
Máis de 3500€	8,1	0,0
Ingreso medio (€)	2274,69	750,50
Ingreso mediano (€)	2000,00	750,0

5.13.10 Ingresos segundo a rama de actividade

As persoas graduadas en doutoramento no curso 2021/2022 que traballan na empresa privada reciben uns ingresos netos mensais medios (2124,00€) superiores ao sector público (2002,00€). Porén, debido á súa menor variabilidade, os salarios medianos no sector público (1920,61€) supera á empresa privada (1750,50€). Alén diso, o intervalo modal, situado entre 1501 e 2000€, presenta unha maior frecuencia no sector público (38,6%) que na empresa privada (29,4%), onde é significativamente superior a 2500€ (24,9% contra 19,3%).

Cadro nº 357. Intervalo de ingresos netos mensais segundo a rama de actividade

	Ámbito público	Empresa privada
Menos de 500€	0,0	5,9
Entre 500 e 1000€	12,3	17,6
Entre 1001 e 1500€	5,3	11,8
Entre 1501 e 2000€	38,6	29,4
Entre 2001 e 2500€	24,6	5,9

Entre 2501 e 3000€	7,0	0,0
Entre 3001 e 3500€	8,8	11,8
Máis de 3500€	3,5	17,6
Ingreso medio (€)	2002,00	2124,00
Ingreso mediano (€)	1920,61	1750,50

5.13.11 Ingresos segundo o tipo de traballo

Os ingresos medios dos doutores/as que traballan nunha institución/organismo público (2409,06€) e centro, laboratorio ou instituto de investigación non universitario (2179,07€) superan os rexistrados nunha empresa/entidade privada (1575,45€) e nunha universidade (1927,42€). Porén, os ingresos tanto nos centros, laboratorio ou institutos de investigación como nas universidades de titularidade privada superan á pública.

O intervalo modal máis alto atinxe o rango entre 2501 e 3000€ nos centros de investigación públicos (33,3%), entre 2001 e 2500€ na totalidade de doutores/as empregados en centros de investigación privados e 44,4% en entidades públicas e entre 1501 e 2000€ na maioría (56,4%) de doutores/as empregados na universidade, máis na pública (57,6%) que na privada (50,0%). O rango entre 500 e 1000€ atinxe o 30,0% de doutores/as empregados na empresa privada.

Cadro nº 358. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o tipo de traballo

	< 500€	500 - 1000€	1001 - 1500€	1501 - 2000€	2001 - 2500€	2501 - 3000€	3001 - 3500€	> 3500€	Medio	Mediano
Centro de investigación	0,0	0,0	28,6	14,3	14,3	28,6	14,3	0,0	2179,07	2250,50
- Privado	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	2250,50	2250,50
- Público	0,0	0,0	33,3	16,7	0,0	33,3	16,7	0,0	2167,17	2000,00
Empresa/entidade privada	10,0	30,0	20,0	20,0	0,0	0,0	10,0	10,0	1575,45	1250,50
Institución/organismo público	0,0	11,1	0,0	11,1	44,4	5,6	16,7	11,1	2409,06	2312,88
Universidade	0,0	12,8	2,6	56,4	15,4	2,6	5,1	5,1	1927,42	1807,10
- Privada	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	16,7	33,3	2900,50	2000,00
- Pública	0,0	15,2	3,0	57,6	18,2	3,0	3,0	0,0	1750,50	1776,76

5.13.12 Ingresos segundo o sector económico

Os maiores intervalos modais de ingresos rexistráronse na totalidade de persoas que traballan en enxeñaría e metade en servizos da administración pública e en cultura e entretemento con máis de 3501€, seguidos pola totalidade en enerxía e utilities e un terzo en sanitario saúde entre 3001 e 3500€ e 28,6% en servizos de investigación entre 2501 e 3000€. Polo contrario os menores intervalos modais déronse en investigación e actividades científicas (50,0% menos de 500€), ben como a totalidade de empregados/as en actividades profesionais e metade en cultura e entretemento entre 501 e 1000€.

Cadro nº 359. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o sector económico

	< 500 €	500-1000 €	1001-1500 €	1501-2000 €	2001-2500 €	2500-3000 €	3001-3500	> 3500 €
Actividades físico/deportivas	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Actividades profesionais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Administración pública	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Cultura e entretemento	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0
Enerxía e utilities	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Ensino superior	0,0	13,2	2,6	55,3	15,8	2,6	5,3	5,3
Ensino/docencia	0,0	14,3	14,3	14,3	35,7	7,1	14,3	0,0
Enxeñaría	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Investigación/actividades científicas	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Sanitario/saúde	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	0,0
Servizos de investigación	0,0	0,0	28,6	14,3	14,3	28,6	14,3	0,0

Os Cadros nº 360 e 361 mostran a distribución porcentual dos rangos de ingresos segundo o sector económico na empresa privada e no ámbito público.

Cadro nº 360. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o sector económico na empresa privada

	< 500 €	500-1000 €	1001-1500 €	1501-2000 €	2001-2500 €	2500-3000 €	3001-3501	> 3500 €
Actividades físico/deportivas	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Actividades profesionais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Cultura e entretemento	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enerxía e utilities	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Ensino/docencia	0,0	25,0	50,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Investigación/actividades científicas	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Cadro nº 361. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o sector económico no ámbito público

	< 500 €	500-1000 €	1001-1500 €	1501-2000 €	2001-2500 €	2500-3000 €	3001-3502	> 3500 €
Actividades profesionais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Administración pública	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0
Cultura e entretemento	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Ensino/docencia	0,0	10,0	0,0	10,0	50,0	10,0	20,0	0,0
Investigación/actividades científicas	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Sanitario/saúde	0,0	0,0	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	0,0

O Cadro nº 362 mostra os ingresos netos mensais medios e medianos segundo o sector económico a nivel global.

Cadro nº 362. Ingresos netos mensais segundo o sector económico

	Medio	Mediano
Actividades físico/deportivas	1750,50	1750,50
Actividades profesionais	750,50	750,50
Administración pública	3000,50	2500,00
Cultura e entretemento	2339,00	1000,00
Enerxía e utilities	3250,50	3250,50
Ensino superior	1932,08	1809,90
Ensino/docencia	2000,50	2100,80
Enxeñaría	3750,50	3750,50
Investigación/actividades científicas	1375,00	2500,00
Sanitario/saúde	2417,17	2250,50
Servizos de investigación	2179,07	2250,50

5.13.13 Ingresos segundo a área funcional de traballo

Os rangos de ingresos máis elevados na empresa/entidade privada superan os 3500€ na totalidade de doutores/as empregados na área funcional de enxeñaría e construción, ben como entre 3001 e 3500€ en todos os que traballan no departamento de informática e tecnoloxía, seguido, a máis distancia, polo rango entre 1501 e 2000€ na totalidade en prevención e saúde e un terzo en formación e ensino. Polo contrario, os rangos de rendementos máis baixos son mais frecuentes nas entidades sen áreas funcionais diferenciadas (un terzo inferior a 500€) e produción (100,0% entre 501 e 1000€).

Cadro nº 363. Intervalo de ingresos segundo a área funcional de traballo na empresa privada

	< 500 €	500-1000 €	1001-1500 €	1501-2000 €	2001-2500 €	2500-3000 €	3001-3503	> 3500 €
Enxeñaría e construción	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Formación e ensino	0,0	33,3	33,3	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0
Informática e tecnoloxía	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0
Prevención e saúde	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Produción	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Sen áreas diferenciadas	33,3	33,3	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

Superan os 3501€ de ingresos mensais netos todos os doutores/as con funcións en administración e finanzas, entre 3001 e 3500€ metade en entidades sen áreas funcionais diferenciadas e entre 2001 e 2500€ a totalidade en calidade, 60,0% en formación e ensino e metade en I+D+i e en prevención e saúde.

Cadro nº 364. Intervalo de ingresos segundo a área funcional de traballo no ámbito público

	< 500 €	500-1000 €	1001-1500 €	1501-2000 €	2001-2500 €	2500-3000 €	3001-3504	> 3500 €
Administración e finanzas	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0
Calidade	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0
Formación e ensino	0,0	0,0	0,0	0,0	60,0	20,0	20,0	0,0
I+D+i	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Informática e tecnoloxía	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Prevención e saúde	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0

Sen áreas diferenciadas	0,0	0,0	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0
Servizos	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

5.13.14 Ingresos segundo a categoría profesional

A maior categoría profesional e responsabilidade sobre outras persoas rexístranse maiores ingresos netos mensais, oscilando entre o máximo de 2167,17€ en directivos/as e 2125,50€ en mandos intermedios. Porén, os empregos non cualificados rexistraron uns ingresos de 2500,50€.

O intervalo modal de 16,7% de directivos/as supera os 3500€, atinxindo entre 3001 e 3500€ en metade de empregos non cualificados e unha cuarta parte en mandos intermedios. Case metade (44,4%) de técnicos/as cualificados/as reciben uns ingresos entre 1501 e 2000€.

Cadro nº 365. Intervalo de ingresos netos mensais segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado/a	Mando intermedio	Técnico/a cualificado/a
Menos de 500€	0,0	0,0	0,0	2,0
Entre 500 e 1000€	16,7	0,0	12,5	14,0
Entre 1001 e 1500€	16,7	0,0	12,5	4,0
Entre 1501 e 2000€	16,7	50,0	18,8	44,0
Entre 2001 e 2500€	16,7	0,0	25,0	20,0
Entre 2501 e 3000€	0,0	0,0	6,3	6,0
Entre 3001 e 3500€	16,7	50,0	25,0	2,0
Máis de 3500€	16,7	0,0	0,0	8,0
Ingreso medio (€)	2167,17	2500,50	2125,50	1971,49
Ingreso mediano (€)	2000,00	2000,00	2125,75	1841,23

5.13.15 Ingresos segundo o tamaño da empresa

O intervalo modal atinxe entre 2001 e 2500€ en metade de empresas pequenas e 40,0% en microempresas, entre 1501 e 2000€ en 41,3% de grandes empresas, 40,0% en microempresas e 36,4% en empresas medianas. O rango de ingresos entre 500 e 1000€ abranxe metade de doutores/as en empresas individuais.

Segundo mostra o Cadro nº 366, existe unha dependencia entre ingresos medios e tamaño da empresa/entidade empregadora, cun máximo de 2191,80€ en grandes empresas e mínimo de 937,88€ nas individuais e 1850,50€ en microempresas.

Cadro nº 366. Intervalo de ingresos netos mensais segundo o tamaño da empresa

	Individual	Microempresa	Pequena	Mediana	Grande
Menos de 500€	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Entre 500 e 1000€	50,0	0,0	25,0	9,1	10,9
Entre 1001 e 1500€	0,0	20,0	0,0	18,2	4,3
Entre 1501 e 2000€	25,0	40,0	12,5	36,4	41,3
Entre 2001 e 2500€	0,0	40,0	50,0	18,2	15,2
Entre 2501 e 3000€	0,0	0,0	0,0	9,1	6,5
Entre 3001 e 3500€	0,0	0,0	12,5	0,0	13,0
Máis de 3500€	0,0	0,0	0,0	9,1	8,7
Ingreso medio (€)	937,88	1850,50	1938,00	1932,32	2191,80
Ingreso mediano (€)	750,50	1875,25	2125,75	1812,88	1921,21

6. Valoración do traballo

A enquisa autoaplicada incluíu un bloque que aborda a valoración do posto de traballo a partir de tres perspectivas: adecuación temática ao traballo; definida como a relación do traballo desempeñado actualmente co contido do programa de doutoramento realizado na UVigo, a sobrecualificación; isto é, identificar a adecuación das funcións ao traballo a partir da porcentaxe de titulados/as con exixencias profesionais inferiores ao nivel académico adquirido nos estudos de doutoramento na UVigo e a satisfacción global co actual traballo.

6.1 Adecuación do contido do programa de doutoramento ao traballo

6.1.1 Resultados globais e por sexo

A maioría de persoas tituladas inquiridas (65,4%) mostrouse "satisfeita" ou "moi satisfeita" coa relación do traballo desempeñado actualmente co contido do programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2021/2022 contra un 15,4% que referiron estar pouco ou nada satisfeitas.

Para facilitar a análise do nivel de satisfacción medio coa relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento realizado na UVigo foron calculadas as puntuacións medias nunha escala de 1 a 5, en que 1 significa "moi insatisfactorio", 2 "insatisfactorio", 3 "aceptábel", 4 "satisfactorio" e 5 "moi satisfactorio". A satisfacción global coa adecuación temática ao traballo no curso 2021/2022 é de 3,86, sen diferenzas entre mulleres e homes.

Cadro nº 367. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo

	%	Home	Muller
Moi insatisfactorio	7,7	8,1	7,3
Insatisfactorio	7,7	2,7	12,2
Aceptábel	19,2	24,3	14,6
Satisfactorio	21,8	24,3	19,5
Moi satisfactorio	43,6	40,5	46,3
Nivel de satisfacción medio	3,86	3,86	3,85
Desviación	1,276	1,228	1,333

6.1.2 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo a procedencia

A satisfacción dos graduados/as inquiridos coa adecuación temática ao traballo actual depende da procedencia do talento (p-valor<0,05). Así sendo, mostraron un nivel de satisfacción significativamente máis alto os doutores/as internacionais que os nacionais, cun nivel de satisfacción[50] de 70,0% e 64,7%, respectivamente, alcanzando a insatisfacción[51] destes últimos 16,2% contra 10,0%. En termos de nivel de satisfacción medio, nunha escala de 1 a 5, a adecuación temática ao traballo é de 4,00 nos doutores/as internacionais e de 3,84 nos de cidadanía española.

Cadro nº 368. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a procedencia

	Nacional	Internacional
Moi insatisfactorio	7,4	10,0
Insatisfactorio	8,8	0,0
Aceptábel	19,1	20,0

[50] Suma de satisfactorio e moi satisfactorio.
[51] Suma de moi insatisfactorio e insatisfactorio.

Satisfactorio	22,1	20,0
Moi satisfactorio	42,6	50,0
Nivel de satisfacción medio	3,84	4,00
Desviación	1,277	1,333

6.1.3 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o lugar do traballo

A satisfacción dos graduados/as inquiridos coa adecuación temática ao traballo depende do lugar do traballo (p-valor<0,05). Así sendo, o nivel de satisfacción medio oscila entre o máximo de 4,14 noutras comunidades autónomas, 4,07 no estranxeiro e o mínimo de 3,77 en Galicia, mostrando en termos porcentuais un nivel de satisfacción de 57,1%, 71,4% e 65,0% e unha insatisfacción de 0,0%, 7,1% e 19,3%, respectivamente.

Cadro nº 369. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o lugar do traballo

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Moi insatisfactorio	8,8	0,0	7,1
Insatisfactorio	10,5	0,0	0,0
Aceptábel	15,8	42,9	21,4
Satisfactorio	24,6	0,0	21,4
Moi satisfactorio	40,4	57,1	50,0
Nivel de satisfacción medio	3,77	4,14	4,07
Desviación	1,323	1,069	1,207

6.1.3.1 Persoas tituladas que traballan en Galicia

6.1.3.1.1 Provincias

O nivel de satisfacción medio coa adecuación temática ao traballo dos graduados/as que traballan en Lugo é total, seguida pola Coruña (4,33), Pontevedra (3,75) e Ourense (3,27).

Cadro nº 370. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo en Galicia por provincias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Moi insatisfactorio	0,0	0,0	18,2	8,3
Insatisfactorio	0,0	0,0	18,2	11,1
Aceptábel	0,0	0,0	18,2	19,4
Satisfactorio	66,7	0,0	9,1	19,4
Moi satisfactorio	33,3	100,0	36,4	41,7
Nivel de satisfacción medio	4,33	5,00	3,27	3,75
Desviación	0,500	.	1,618	1,339

6.1.3.1.2 Concellos

O Anexo 34 mostra a distribución porcentual da adecuación temática ao traballo das persoas tituladas que traballan en Galicia por concellos.

6.1.3.2 Persoas tituladas que traballan noutras comunidades autónomas

O nivel de adecuación temática ao traballo é total entre os titulados/as que traballan nas Canarias, Comunidade Valenciana e Estremadura e de 3,00 en Castela e León e Comunidade de Madrid.

Cadro nº 371. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo noutras comunidades autónomas

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Canarias	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Castela e León	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	0,000
Comunidade de Madrid	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Comunidade Valenciana	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Estremadura	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.

6.1.3.3 Persoas tituladas que traballan no resto do mundo

A satisfacción coa adecuación temática ao traballo é total en 3 dos 7 países avaliados (Arxentina, EUA e Reino Unido), de 4,00 no Brasil, 3,67 en Portugal e 3,00 na Bélxica e Luxemburgo.

Cadro nº 372. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo no resto do mundo por países

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Arxentina	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Bélxica	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Brasil	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
EUA	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Luxemburgo	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Portugal	16,7	0,0	16,7	33,3	33,3	3,67	1,506
Reino Unido	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.

6.1.4 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento

Existen relacións de dependencia estatística (p-valor<0,05) entre a adecuación temática ao traballo actual e as ramas de coñecemento, sendo maior o nivel de satisfacción dos doutores/as nas ramas Científica (4,04), seguida pola Xurídico-Social (3,89), Tecnolóxica (3,78) e a mínima en Artes e Humanidades (3,65), o que, en termos frecuenciais, se traduce nunha satisfacción de 79,2%, 68,4%, 55,6% e 52,9%, respectivamente.

Cadro nº 373. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Moi insatisfactorio	5,9	8,3	5,6	10,5
Insatisfactorio	17,6	0,0	11,1	5,3
Aceptábel	23,5	12,5	27,8	15,8
Satisfactorio	11,8	37,5	11,1	21,1
Moi satisfactorio	41,2	41,7	44,4	47,4
Satisfacción media	3,65	4,04	3,78	3,89
Desviación	1,367	1,16	1,309	1,37

6.1.4.1 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento por sexo

O nivel de satisfacción medio masculino coa adecuación temática ao traballo é maior nas ramas Tecnolóxica (4,08 contra 3,17) e en Artes e Humanidades (4,25 contra Tecnolóxica (4,08 contra 3,46). Polo contrario, as mulleres mostraron unha maior satisfacción media na Científica (4,50 contra 3,71) e Xurídico-Social (4,08 contra 3,57).

Cadro nº 374. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a rama de coñecemento (home)

	Artes e Humanidades	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Moi insatisfactorio	0,0	14,3	8,3	0,0
Insatisfactorio	0,0	0,0	0,0	14,3
Aceptábel	25,0	21,4	25,0	28,6
Satisfactorio	25,0	28,6	8,3	42,9
Moi satisfactorio	50,0	35,7	58,3	14,3
Satisfacción media	4,25	3,71	4,08	3,57
Desviación	0,957	1,383	1,311	0,976

Cadro nº 375. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a rama de coñecemento (muller)

	Artes e Humanidades	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Moi insatisfactorio	7,7	0,0	0,0	16,7
Insatisfactorio	23,1	0,0	33,3	0,0
Aceptábel	23,1	0,0	33,3	8,3
Satisfactorio	7,7	50,0	16,7	8,3
Moi satisfactorio	38,5	50,0	16,7	66,7
Satisfacción media	3,46	4,50	3,17	4,08
Desviación	1,450	0,527	1,169	1,564

6.1.5 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo os estudos realizados

A satisfacción media coa adecuación temática ao traballo actual é total nas persoas graduadas en 7 dos 31 programas de doutoramento avaliados, ben como en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable e en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (4,50 ambos), Estudos Lingüísticos (4,33), Análise Económica e Estratexia Empresarial e en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (4,17 ambos), Biotecnoloxía Avanzada, Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces; Educación, Deporte e Saúde; Enxeñaría Química e en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas (4,00 cada un).

Cadro nº 376. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o programa de doutoramento

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Análise Económica e Estratexia Empresarial	16,7	0,0	0,0	16,7	66,7	4,17	1,602
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	4,00	1,414
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	0,000
Ciencia e Tecnoloxía Química	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	20,0	20,0	20,0	40,0	3,80	1,304
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	4,50	0,707
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	20,0	0,0	0,0	40,0	40,0	3,80	1,643
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	33,3	0,0	33,3	33,3	3,67	1,366
Creatividade e Innovación Social e Sostible	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	2,00	1,414
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	0,000
Enxeñaría Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	0,000
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	33,3	33,3	0,0	33,3	3,33	1,528
Estudos Lingüísticos	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	4,33	1,155
Estudos Literarios	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0	16,7	50,0	33,3	4,17	0,753
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	4,00	1,414

Enxeñaría e Ciencias Aplicadas							
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Protección do Patrimonio Cultural	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	2,00	1,414
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	25,0	50,0	0,0	0,0	25,0	2,50	1,732
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0	25,0	0,0	75,0	4,50	1,000

6.1.5.1 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo os estudos realizados por sexo

Os cadros nº 377 e 378 mostran a o nivel de satisfacción coa relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento realizado na UVigo no curso 2021/2022 por sexo.

Cadro nº 377. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o programa de doutoramento (home)

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Análise Económica e Estratexia Empresarial	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	4,50	0,707
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	4,00	1,414
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	0,000
Ciencia e Tecnoloxía Química	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	3,00	1,414
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	25,0	0,0	0,0	50,0	25,0	3,50	1,732
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	4,50	0,707
Creatividade e Innovación Social e Sostible	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	2,00	1,414
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Enxeñaría Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	4,00	1,414
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e
Protección do Patrimonio Cultural	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0	3,00	2,828
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	4,33	1,155

Cadro nº 378. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o programa de doutoramento (muller)

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Análise Económica e Estratexia Empresarial	25,0	0,0	0,0	0,0	75,0	4,00	2,000
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Ciencias da Educación e do Comportamento	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	4,33	1,155
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	4,50	0,707
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Creación e Investigación en Arte Contemporánea	0,0	50,0	0,0	25,0	25,0	3,25	1,500
Educación, Deporte e Saúde	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	0,000
Enxeñaría Química	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	2,50	0,707
Estudos Lingüísticos	0,0	0,0	33,3	0,0	66,7	4,33	1,155
Estudos Literarios	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	0,000
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,0	0,0	0,0	75,0	25,0	4,25	0,500
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e
Ordenación Xurídica do Mercado	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.
Protección do Patrimonio Cultural	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e	s/e

Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	2,00	0,000
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	0,0	0,0	0,0	0,0	100,0	5,00	.

6.1.6 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo a antigüidade no posto

Tal como mostra o Cadro nº 379, non existe unha relación de dependencia estatística entre a satisfacción coa adecuación temática ao traballo actual e a permanencia no posto de traballo.

Cadro nº 379. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a antigüidade no posto

	0-6 meses	6-12 meses	12-18 meses	18-24 meses	24-30 meses	> 30 meses
Moi insatisfactorio	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	21,4
Insatisfactorio	14,3	9,1	0,0	5,9	0,0	10,7
Aceptábel	28,6	18,2	0,0	11,8	33,3	21,4
Satisfactorio	28,6	18,2	0,0	23,5	33,3	17,9
Moi satisfactorio	28,6	54,5	100,0	58,8	33,3	28,6
Satisfacción media	3,71	4,18	5,00	4,35	4,00	3,21
Desviación	1,113	1,079	0,000	0,931	0,866	1,524

6.1.7 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o réxime de traballo

É maior a satisfacción media coa adecuación temática ao traballo dos graduados/as que traballan por conta allea (3,92) que por propia (3,29), cun nivel de satisfacción de 67,6% e 42,9%, respectivamente. O nivel de insatisfacción dos empregados/as por conta propia (28,6%) duplica ao dos asalariados/as (14,1%).

Cadro nº 380. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o réxime do traballo

	Conta allea	Conta propia
Moi insatisfactorio	8,5	0,0
Insatisfactorio	5,6	28,6
Aceptábel	18,3	28,6
Satisfactorio	21,1	28,6
Moi satisfactorio	46,5	14,3
Satisfacción media	3,92	3,29
Desviación	1,284	1,113

6.1.8 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o tipo de contrato

É significativa a maior satisfacción coa adecuación temática ao traballo referida por doutores/as afectados por eventualidade laboral (4,32) que os que gozan de estabilidade profesional (3,54), cun nivel de satisfacción entre os primeiros (79,4%) superior aos segundos (56,7%).

Cadro nº 381. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o tipo de contrato

	Estabilidade	Eventualidade
Moi insatisfactorio	16,2	0,0
Insatisfactorio	5,4	5,9
Aceptábel	21,6	14,7
Satisfactorio	21,6	20,6
Moi satisfactorio	35,1	58,8
Nivel de satisfacción medio	3,54	4,32

Desviación	1,445	0,945

Relativamente cada categoría contractual, a satisfacción dos doutores/as con contrato de duración indefinida (4,16) supera a dos contratados fixos ou titulares de praza (2,89). Entre os afectados/as pola eventualidade profesional, a satisfacción de contratados por obra/servizo (4,67) e bolseiros (4,56) supera aos contratados eventuais/temporais (4,11), mostrando unha insatisfacción de 0,0%, 11,1% e 5,3%, respectivamente.

Cadro nº 382. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o tipo de contrato

	Bolsa	Fixo/titular	Indefinido	Por obra/servizo	Temporal
Moi insatisfactorio	0,0	27,8	5,3	0,0	0,0
Insatisfactorio	11,1	11,1	0,0	0,0	5,3
Aceptábel	0,0	27,8	15,8	0,0	26,3
Satisfactorio	11,1	11,1	31,6	33,3	21,1
Moi satisfactorio	77,8	22,2	47,4	66,7	47,4
Nivel de satisfacción medio	4,56	2,89	4,16	4,67	4,11
Desviación	1,014	1,530	1,068	0,516	0,994

6.1.9 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o tipo de xornada

É maior a satisfacción dos doutores/as que traballan a tempo completo (3,95) que a tempo parcial (3,63), cun nivel de satisfacción maior nos primeiros (69,8%) que nos segundos (50,0%).

Cadro nº 383. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o tipo de xornada

	Completa	Parcial
Moi insatisfactorio	9,5	0,0
Insatisfactorio	4,8	12,5
Aceptábel	15,9	37,5
Satisfactorio	20,6	25,0
Moi satisfactorio	49,2	25,0
Nivel de satisfacción medio	3,95	3,63
Desviación	1,313	1,061

6.1.10 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo a rama de actividade

É maior o nivel de satisfacción medio dos doutores/as empregados no sector público (3,90) que na empresa/entidade privada (3,74), cun nivel de satisfacción de 67,8% e 57,9%, respectivamente.

Cadro nº 384. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo a rama de actividade

	Privada	Pública
Moi insatisfactorio	5,3	8,5
Insatisfactorio	10,5	6,8
Aceptábel	26,3	16,9
Satisfactorio	21,1	22,0
Moi satisfactorio	36,8	45,8
Nivel de satisfacción medio	3,74	3,90
Desviación	1,240	1,296

6.1.11 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o tipo de traballo

A satisfacción media coa adecuación temática ao traballo actual é significativamente maior nos doutores/as que traballan na universidade (4,41), máis na privada (4,83) que na pública (4,34), seguida por un centro, laboratorio ou instituto de investigación non universitario (4,29), empresa/entidade privada (3,25) e por unha institución/organismo público (2,83).

Cadro nº 385. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o tipo de traballo

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Centro, laboratorio ou instituto de investigación (non universitario)	0,0	0,0	28,6	14,3	57,1	4,29	0,951
- Privado	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
- Público	0,0	0,0	16,7	16,7	66,7	4,50	0,837
Empresa/entidade privada	8,3	16,7	33,3	25,0	16,7	3,25	1,215
Institución/órgano público	27,8	11,1	27,8	16,7	16,7	2,83	1,465
Universidade	0,0	4,9	9,8	24,4	61,0	4,41	0,865
- Privada	0,0	0,0	0,0	16,7	83,3	4,83	0,408
- Pública	0,0	5,7	11,4	25,7	57,1	4,34	0,906

6.1.12 Relación entre o traballo actual e o contido do programa de doutoramento segundo o sector económico

A satisfacción media coa adecuación temática ao traballo actual é maior nos doutores/as con empregos ligados ao ensino superior (4,40), servizos de investigación (4,29) e actividades físico/deportivas e en investigación/actividades científicas (4,00 ambos), ben como en sanitario/saúde (3,67) e ensino/docencia (3,07). Polo contrario, a satisfacción é menor en enerxía e utilities (1,00) e en servizos da administración pública (1,50).

Cadro nº 386. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o sector económico

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Actividades físico/deportivas	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Actividades profesionais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	3,00	1,414
Administración pública	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	1,50	0,707
Cultura e entretemento	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	2,50	2,121
Enerxía e utilities	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	1,00	.
Ensino superior	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	4,40	0,871
Ensino/docencia	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	3,07	1,438
Enxeñaría	23,1	7,7	30,8	23,1	15,4	3,00	.
Investigación/actividades científicas	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	4,00	1,414
Sanitario/saúde	0,0	0,0	50,0	0,0	50,0	3,67	1,155
Servizos de investigación	0,0	0,0	66,7	0,0	33,3	4,29	0,951
Servizos sociais	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.

Cadro nº 387. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o sector económico na empresa privada

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Actividades físico/deportivas	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Actividades profesionais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	2,00	.
Cultura e entretemento	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Enerxía e utilities	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	.
Ensino/docencia	0,0	20,0	20,0	20,0	40,0	3,80	1,304
Enxeñaría	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Investigación/actividades científicas	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.
Servizos sociais	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	3,00	.

Cadro nº 388. Nivel de satisfacción coa adecuación temática ao traballo segundo o sector económico no ámbito público

	1	2	3	4	5	Media	Desv
Actividades profesionais	0,0	0,0	0,0	100,0	0,0	4,00	.
Administración pública	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	1,50	0,707
Cultura e entretemento	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,00	.
